

BOLETÍN APOEGAL

Boletín Dixital da Asociación Profesional
de Orientación Educativa de Galicia

Nº 8- DECEMBRO 2007



**A Asociación Profesional
de Orientación Educativa de Galicia
constitúese no ano 2004 co obxectivo de defender e promover
a Orientación Educativa**

APOEGAL é membro de:



ÍNDICE DE CONTIDOS

EDUCACIÓN E SOCIEDADE.....	3
IV ENCONTRO NACIONAL DE ORIENTADORES.....	6
O PROCESO DE BOLONIA.....	10
A TÚA OPINIÓ.....	12
REPORTAXE SOBRE ORIENTACIÓN ESCOLAR.....	14
CONTACTA CON NÓS.....	17
POST-DATAS.....	18

Este é un dos artigos divulgativos que chegan ó correo de APOEGAL. **Manuel Dios Diz** é mestre, licenciado en Xeografía e Historia, preside o Seminario Galego de Educación para a Paz (Fundación Cultura de Paz) e estivo dacordo en colaborar no noso boletín coa súa opinión.

Seguimos aínda conmocionados pola matanza que o mozo de 18 anos, Pekka Auvinen, provocou en Finlandia co resultado, terrible, de nove persoas mortas no instituto de Tuusula, perto de Helsinki, incluído o propio asasino que ademais de matar á directora, á enfermeira, e a seis estudantes do centro, tentou prender lume ó edificio escolar con máis de 500 alumnos e alumnas dentro.

Outro aspecto relevante desta traxedia é que o autor anunciou previamente as súas macabras intencións en YouTube, con frialdade e premeditación. Como un vingador solitario, cheo de ira e de resentimento, ameazaba en Internet con eliminar a tódolos "...incapacitados e vergoñas da raza humana, fracasos da selección natural...".

Para maior alarma social este trágico suceso coincide no tempo coa proliferación de gravacións de móbiles nalgúns centros educativos de Galicia, reais ou de ficción, con imaxes violentas, de diferente tipo, que son divulgadas entre rapaces e rapazas e tamén colgados na rede.

Todos estes acontecementos teñen provocado regueiros de tinta, titulares de trazo grosso e aperturas de telediarios nalgunhas televisións, reabrindo, desta maneira, varios debates, algúns deles, xa reiterados. Tantos que resulta ás veces imposible abordalos coa suficiente serenidade e rigor.

Mixtúranse ademais temas e opinións. Aparecen estudos, expertos, sisudas análises, informes, propostas, ás veces contraditorias, que coa mesma fugacidade coa que aparecen, esquécese, ata a seguinte ocasión.

Non faltan voces que se escandalizan sobre o que din que está pasando nos institutos e coa nosa xuventude, case que sempre, desde o descoñecemento da realidade ou desde certos prexuízos morais moi arraigados entre os adultos e que tenden a criminalizar ou a descualificar comportamentos que atribúen, con lixeireza, a toda a mocidade. Xa Sócrates afirmaba no seu tempo que “os mozos de hoxe en día son uns tiranos. Contradín ós seus pais, devoran a súa comida, e lle faltan ó respecto ós seus mestres...”.

O debate sobre a violencia tamén é recorrente. Si hai máis ou menos que antes, si hai a mesma, si está máis difundida, si é innata ou aprendida, si é culpa da televisión, dos pais, da escola, dos videoxogos, do cine, da sociedade, da perda de valores, da superprotección ou da educación permisiva, armarios cheos e corazóns baldeiros...

Tamén aproveitamos para preguntarnos publicamente sobre os propios móbiles e a súa utilización nos centros de ensino, ou sobre os límites do dereito á información e a probable colisión con outros dereitos como poden ser os da necesaria protección dos menores, honra, intimidade persoal, imaxe, etc. e sobre se a mellor forma de abordar esta problemática é premiar ós agresores, reais ou ficticios, proporcionándolles cartos ou minutos de gloria, incentivando, desta maneira, as peores condutas.

Con frecuencia escoitamos a quen aproveita para proclamar, unha vez máis, o fracaso da educación e do sistema escolar, para cargar contra dalgunhas leis educativas, contra do profesorado, sobre a excesiva permisividade, a perda de autoridade, ou para mesmo deslexitimar novas materias como a de educación para a cidadanía e os dereitos humanos, como di o Gran Wyoming, “La que está liando Zapatero”..

A comunidade educativa, lonxe de unificar criterios, de cooperar entre os distintos sectores (profesorado, pais e nais, alumnado), con excesiva frecuencia, tende a responsabilizar ós demais do que acontece, ignorando o vello proverbio africano de que “para educar a un neno fai falla a tribo enteira”..

E as autoridades, en non poucos casos, calan, e esperan a que amaine...

Moito ten cambiado a escola, como a sociedade, nos últimos anos, tanto que algúns nin a recoñecerían si voltaran a ela. Tan rápido e con tal intensidade que as Facultades de Educación ou as antigas Escolas de Maxisterio non son quen de adaptarse a esta nova realidade tan cambiante, e seguen a preparar ós futuros mestres para unha escola, para un instituto, que xa non existen.

Cando as persoas da miña idade, arredor dos 50 , estudaban, íamos ó Instituto, o mellor de cada casa, de cada barrio, de cada vila... mentres que a grande maioría, a inmensa maioría, remataba a súa escolaridade na primaria, no mellor dos casos. Hoxe, polo contrario (e por sorte), están na Secundaria todos e cada un dos alumnos e alumnas, sen excepción, os que queren estudar, os que lles gusta, os que están por obrigación, os que obxectan, os que teñen un ambiente familiar favorable, os que veñen coa mochila cargada de carencias e de déficits (emocionais, afectivos, socioeconómicos...), os que arrastran graves problemas de conduta, enfermidades psicolóxicas, psiquiátricas... e esta nova realidade, en si mesma, significa un cambio absoluto, escolar e social, que está aquí para quedarse, co que temos que convivir, e entendelo como un desafío, como un reto, non como unha desgraza.

Contamos cos mellores recursos, humanos e materiais, coa melor xuventude, e os conflitos, maioritariamente, os resolvemos razoablemente ben nos centros escolares. Témonos dotado, neste mesmo ano, do Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar e do Observatorio Galego da Convivencia Escolar, que debemos desenvolver e aplicar, sobre todo, elaborar e aprobar os respectivos Plans de Convivencia de Catro, para intervir, preventivamente, educativamente, na mellora do clima escolar e na resolución pacífica dos conflitos. A iso, desde hai xa 22 anos, adicámonos algunhas entidades, cooperativamente, en equipo, organizacións como a que teño a honra en presidir, informando, sensibilizando, formando, compartindo experiencias e boas prácticas entre a comunidade educativa, con ilusión, con entusiasmo, pero sobre todo, con paciencia, moita paciencia...

IV ENCONTRO NACIONAL DE ORIENTADORES

BURGOS 25-27 ABRIL 2008

No anterior boletín de xuño deste ano informabamos do programa provisional do IV Encontro Nacional de Orientadores. Aínda que a través do blog de APOEGAL podedes estar ó tanto das novidades, a páxina www.ivencuentroorientadores.com nos recomendan ler esta nova actualización do programa. Os cambios afectan sobre todo ó venres e sábado.



PROGRAMA

VENRES 25 DE ABRIL

13:00 Recepción materiais

16:00 Recepción materiais

16:30 Inauguración Oficial: Autoridades invitadas:

Sr. D. Juan Antonio Planas. Presidente de COPOE.

Sr. D. Juan Carlos Aparicio Pérez (Alcalde de Burgos)

Sr. D. Juan José Mateos Otero (Conselleiro de Educación Xunta de Castela e León).

Sr. D. José María Leal Villalba (Reitor magnífico da Universidade de Burgos)

Sr. D. Antonio Moreno González. Director do Instituto Superior de Formación do Profesorado (M.E.C.)

17:00 Conferencia de Apertura: "A futura formación inicial do Orientador: a especialidade de Orientación psicopedagóxica e profesional do Master de Formación do Profesorado de Educación Secundaria".

- D. Antonio Moreno González. Director do Instituto Superior de Formación do Profesorado (M.E.C.)

17:30 Mesa Redonda: A Orientación Hoxe: botando a vista atrás

- D. César Coll Salvador Catedrático de Psicología Evolutiva e da Educación da Universidade de Barcelona.

- D. Álvaro Marchesi Ullastres. (Pendente de confirmación) Catedrático de Psicología Evolutiva e da Educación da Universidade Complutense de Madrid e Ex Secretario de Estado de Educación.

IV ENCONTRO NACIONAL DE ORIENTADORES

18:15-18:45 Descanso-café

18:45 Continuación da mesa: A Orientación Hoxe: botando a vista atrás

19:30 Faladoiro-debate de D. César Coll e D. Álvaro Marchesi con:

- Dna. Elena Arce Villanueva. Orientadora do E. A. Temperá de Burgos.
- D. Joan Miquel Salga Sivera. Orientador IES Federico García Bernalt (Salamanca).
- D. Justino Pascual Sanz. Orientador do Centro Específico de F.P Juan de Colonia e Profesor

asociado do Departamento de Didáctica e Organización da Universidade de Burgos.

- Dna. Sandra Sáiz González. Orientadora do Plan OFI (Orientación, Formación e Inserción) de UXT BURGOS.

- Modera: D. Víctor Rodríguez Muñoz. Orientador do IES García Márquez de Leganés. Profesor asociado da Universidade Autónoma de Madrid. Departamento de didáctica e teoría da Educación.

PROGRAMA CULTURAL

- 20:15 Espectáculo cultural a cargo de ?As PITUISTER? no Aula Magna.

- 22:15 Recepción do Concello de Burgos no Salón do Círculo da Unión.

SÁBADO 26 DE ABRIL

09:00 Conferencia: A Orientación coa aplicación e desenvolvemento da LOE.

- D. José Ginés Hernández. Licenciado en Psicoloxía e en Dereito. Xefe do Departamento de Orientación do IES Frei Luís de Granada, de Granada. Secretario de ASOSGRA.

10:15 Comunicacións paralelas (ata 3)*

11:45 Descanso-café

12:15 Conferencias Paralelas:

A xestión do aula desde un enfoque preventivo

- D. Juan Vaello Orts. Psicopedagogo. Inspector do SITE de Alacante. Profesor Titular de Psicoloxía Xeral e Psicoloxía Evolutiva na UNED de Denia-Benidorm. Habitual colaborador en Cursos de Formación do Profesorado.

"Aprender para a transición á vida activa: a orientación educativa e sociolaboral dos mozos"

- Dna. Lida E. Santana Veiga. Catedrática da Universidade da Lagoa. Directora e coordinadora do Grupo de Investigación en Orientación Educativa e Sociolaboral. (GIOES).

14:00 Comida na Facultade de Dereito. (Opcional, pagarase o día anterior)

16:00 Comunicacións paralelas (ata 3)*

18:00 Descanso-café

18:30 Faladoiro-debate: "¿Son os centros educativos de hoxe focos de conflito?": Mitos e realidades".

- D. Javier Urra Portillo, Primeiro defensor do menor en España, psicólogo forense e experto no comportamento dos nenos e adolescentes.

- D. Juan Vaello Orts, Psicopedagogo. Inspector do SITE de Alacante. Profesor Titular na UNED.

- Dna. Isabel Fernández García. Catedrática de Instituto. Investigadora teórica-práctica en temas de malos tratos entre iguais, mediación e axuda entre iguais, e convivencia escolar.

IV ENCONTRO NACIONAL DE ORIENTADORES

- Modera: Dna. Carmen Mendieta, Redactora de Educación do Diario de Burgos.

PROGRAMA CULTURAL

- 20:45: Visita guiada polo centro histórico da cidade.
- 22:15 Cea de Gala no Hotel Velada Burgos (Opcional, pagarase xunto coa inscrición).

DOMINGO 27 DE ABRIL:

09:30 Comunicacóns paralelas (ata 3)*

09:30 Asemblea COPOE

10:30 Asemblea ACLPP

11:30 Descanso-Café

12:00 Conferencia de Clausura: "O Futuro dos nosos orientados: O acompañamento educativo nunha sociedade plural, dixital e en rede".

· D. Jaume Funes Artiaga (Psicólogo, educador e xornalista. Profesor de Psicología Social da Universidade Ramon Llull. Especialista en adolescencia e dificultades sociais. Asesor, supervisor e docente en diferentes aspectos da atención aos adolescentes e novos.

13:30 Lectura das Conclusións do IV Encontro por parte do Comité Científico e Organizador.

13:45 Clausura Oficial. Autoridade Invitada:

Sr. D. Enrique da Torre Alonso. Director provincial de Educación de Burgos.

COMUNICACIÓNS ORAIS

Experiencias de Orientación en Atención á Diversidade.

Experiencias de Orientación e Tutoría na Universidade.

Experiencias de Orientación Académica e Profesional.

Experiencias de Orientación desde os Servizos de Emprego e para a Carreira.

Experiencias de Orientación a través das NTIC.

Experiencias de Coordinación Interinstitucional desde a Orientación.

Experiencias de Orientación para facilitar a Transición entre as distintas etapas educativas e laborais.

Experiencias de Innovación en Avaliación Psicopedagóxica.

IV ENCONTRO NACIONAL DE ORIENTADORES

* Facilitarase o acceso a todos os relatorios ás persoas con discapacidade auditiva e fomentarase o que estudantes e profesionais coñezan vías de comunicación con elas mediante a ESTENOTIPIA de MQD (Centro especial de Emprego de ARANSBUR).

¡Anímate a presentar unha comunicación!


É importante que entre tod@s lle deamos difusión as experiencias e programas que cada un/ha de nós desenvolve no seu labor profesional.

O PROCESO DE BOLONIA

A ADAPTACIÓN DAS TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS: O PROCESO DE BOLONIA

A “Declaración de Bolonia” (19 de xuño de 1999), suscrita por 30 estados europeos, establece as bases para a construción dun “Espazo Europeo de Educación Superior” (EEES), organizado segundo os principios de calidade, mobilidade, diversidade e competitividade. Esta conversión do Sistema Europeo pretende incrementar o emprego na Unión Europea reestructurando as actuais titulacións (arquitectura, arquitectura técnica, enxeñerías, enxeñerías técnicas, diplomaturas e licenciaturas) en graos de catro anos de duración e postgraos.

A nova estrutura das titulacións adaptadas ao EEES quedará configurada da seguinte forma:



TÍTULO DE GRAO

Os novos graos durarán catro anos, polo que as actuais diplomaturas de tres anos e as licenciaturas de cinco terán unha duración de catro anos. Como novidade existirán unhas materias comúns en primeiro de carreira en tódalas titulacións dunha mesma área de coñecemento, pero adaptadas a cada título.

Haberá varias das actuais titulacións que terán que desaparecer por falta de alumnado, xa que o Consello Galego de Universidades propuxo un mínimo de 25 alumnos en primeiro curso para cada titulación, polo que perigan numerosas Filoloxías e titulacións técnicas.

O PROCESO DE BOLONIA

ADAPTACIÓN NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (SUG)

Recentemente o Consello Galego de Universidades (que representa á Xunta, as universidades, aos seus consellos sociais e os grupos parlamentarios) elaborou as líneas xerais para a adaptación das titulacións ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Esta adaptación realizarase en dúas fases:

Primeira fase:

No curso 2008/2009 adaptaranse as titulacións únicas (que só se imparten nun dos sete campus galegos) e non todas, polo que moitos dos nosos alumnos/as de 2º de bacharelato deste curso estrearán o novo sistema. Nesta fase poderían entrar ata 15 titulacións, pero antes terán que enviar toda a documentación ao Ministerio antes do 15 de febreiro de 2008.

Entre as titulacións candidatas a transformarse a Grao o vindeiro curso están na Universidade de Santiago de Compostela: Arte, Ciencias Políticas, Psicoloxía, Enxeñería Topográfica e Matemáticas; na Universidade de Vigo poderían ser: Traducción, Ciencias do Mar, Enxeñería de Minas, Enxeñería de Telecomunicacións, Publicidade, Industriais e Belas Artes; e na de A Coruña: Podoloxía e algúnha outra.

Pero todavía haberá que esperar que facultades fan os seus deberes a tempo e se adaptan para o curso 2008/2009.

Segunda fase:

No curso 2009/2010, entrarían no primeiro curso as titulacións duplicadas, é dicir que se impartan en varios Campus, sempre e cando cumpran os criterios de “demanda” e especialización.

Juan Luis Rodríguez Rodríguez
Orientador do Colexio Divina Pastora Ourense

A TÚA OPINIÓN

Con este correo como punto de partida:

“Estimados compañeros: Desde la Asociación Aragonesa de Psicopedagogía y desde el colectivo de orientadores de Zaragoza vamos a promover un estudio en donde se ponga de manifiesto la necesidad de que haya dos orientadores en los IES.

Por la información que estamos recabando uno de los dos orientadores se podría ocupar de la orientación en la ESO, con funciones de coordinación con los centros de primaria, de evaluación psicopedagógica para alumnos de PAB, diversificación, programas de cualificación profesional inicial o del resto de programas de atención a la diversidad, también se podría ocupar de asesorar en los planes de convivencia, en los programas de interculturalidad y en colaborar más estrechamente en el Plan de Acción tutorial del centro.

El otro orientador se ocupará de la Educación Secundaria no obligatoria es decir, del Bachillerato, de los ciclos formativos y de los programas de cualificación profesional inicial. Éste podría tener más relación y coordinación con los centros universitarios y se centraría más en la orientación de los alumnos y asesoramiento a las familias y el profesorado. También tendría docencia en Bachillerato.

Esperamos que nos vayais mandando sugerencias, experiencias y propuestas. Con todo el material que vayamos recopilando haremos una campaña a nivel de MEC y de las CCAA para que se ponga en marcha este ambicioso proyecto que ya existe en algunas Comunidades.

Un saludo. J.A. Planas (Presidente de COPOE)”

Facemos un pequeno relato de opinións:

“Hola a [tod@s](#):

Sobre este tema da existencia de 2 [orientador@s](#) por centro, gustaríame incluír a vosa opinión no vindeiro Boletín, ademáis de que as acheguedes á COPOE como nos solicita o correo enviado. Quen me bota unha man?

Moitas grazas adiantadas e un saúdo.

Sonia Ferro

Vocal Comunicación APOEGAL”

Estas son as vosas opinións chegadas ó correo de APOEGAL:

“Son orientadora do IES Francisco Sánchez de Tui. Sobre a proposta de que haxa dous orientadores nos centros só podo dicir que estou totalmente dacordo. Sobre todo tendo en conta que moitos de nós todavía temos centros de Primaria aos que debemos atender. Por sorte para mín desde este curso eu xa non. Paréceme un reparto aceptable o que se propón, pero iso presupón que todos os centros teñen todas as ensinanzas enumeradas e realmente na realidade non é así. Penso que o criterio "tipo de ensinanzas impartidas" pode ser válido nalgúns casos, pero creo que tamén debe valorarse o número de alumnado de cada IES, se é un CPI, caso no que o reparto de tarefas deberá ser outro, ou criterios de especialización como que un orientador dedique máis tempo a atención á diversidade e outro a Orientación profesional e coordinación da acción tutorial, etc. En todo caso o importante sería poder

A TÚA OPINIÓN

repartir o traballo e dirixir os nosos esforzos a tarefas máis especializadas, o que penso repercutiría favorablemente na mellora do noso traballo". María José Solleiro .

"Estou de acordo no tema dos dous orientadores, aínda que considero que non é necesario en todos os centros.; por exemplo nun centro como o meu de 350 alumnos chegaría con un orientador; a partir de esa ratio, ou nun centro con diferentes tipos de ensinanzas penso que son necesarios os dous orientadores".

Saludos

M^a Isabel García Remedios. CPI Cambeo Ourense.

"Seguimos con la discriminación por etapas educativas. Creo que la necesidad de dos o más orientadores por centro educativo no debe limitarse sólo a la etapa de secundaria, sino al número de alumnos/as adscritos a cada orientador/a.

Creo que el criterio más "profesional" es el ya marcado anteriormente por la UNESCO 1 orientador/a por cada 250 alumnos/as. Puede que en otras comunidades autónomas no tengan orientadores/as en las etapas de educación infantil y educación primaria, pero en la comunidad autónoma de Galicia, sí. Las orientadoras y orientadores de primaria atendemos a dos etapas educativas bien diferenciadas, que trabajan con alumnado de 3 a 12 años, en 10 años de edad las casuísticas son muy diversas y nuestra formación debe ser constante. En mi caso trabajo con 540 alumnos/as y 50 profesores/as, repartidos en 5 centros educativos.

¿Para qué nos sirve una asociación gallega si no miramos nuestra realidad educativa?. Para hacer nosotros lo que les va bien en Madrid, sobra APOEGAL. Un saludo". Elvira Anaya

"Xa había por aí unha proposta de un orientador/a por cada 2 unidades e cada un ocupárase dos grupos desde 3 anos ata que remataran 6º; iso permitiría un seguimento a todos/as que co número actual é impensable; eu non separaría infantil e primaria. Saúdos". Lola.

¡Grazas de novo por colaborar!

REPORTAXE SOBRE ORIENTACIÓN ESCOLAR

Esta entrevista foi publicada no xornal Faro de Vigo o pasado 10 de setembro de 2007. O presidente de APOEGAL respostou a cuestións sobre a orientación en Galicia.



Daniel Veiga Martínez

Presidente de Apoegal

WWW.APOEGAL.COM

www.apoegal.blogia.com

Orientador do IES García Barbón (Verín OURENSE)

www.orientacion.blogia.com

Función dos orientadores escolares. ¿Que papel lle otorga a LOE aos orientadores?

Os orientadores e orientadoras escolares realizan distintas funcións no ámbito da orientación psicopedagóxica, académica e profesional. As intervencións orientadoras van dirixidas ao conxunto da comunidade educativa (familias, profesorado e alumnado) e supoñen a posta en marcha de distintos niveis de traballo colaborativo, principalmente co profesorado –os titores/as en maior medida- e as familias.

A LOE considera a orientación educativa como un dos factores de calidade da educación – entre os principios que orientan o sistema educativo figura a orientación educativa e profesional dos estudantes, de maneira especial, no nivel da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)- e sinala que a orientación educativa e profesional é un dereito das familias e do alumnado.

Complementariamente, (no título VIII sobre os recursos económicos), sinala a necesidade de que as Administracións garantan a existencia de servizos ou profesionais especializados na orientación educativa, psicopedagóxica e profesional.

¿É unha figura obrigatoria nos centros educativos? Se non o é, ¿está suficientemente extendida nos centros galegos?

A figura do orientador/a é obigatoria nos centros educativos e está xeralizada na totalidade dos centros de Educación Primaria e Secundaria.

A implantación dos departamentos de orientación esténdese aos IES (Institutos de Educación Secundaria), CPI (Centro Público Integrado), centros de ensino infantil e primario (CEIP) que contan con doce ou máis unidades, aos centros de educación de adultos e aos centros específicos de educación especial. Aqueles CEIP que non acaden as doce unidades inclúense no ámbito de intervención dos departamentos de orientación dos centros (IES, CPI ou CEIP) aos que se adscriben.

Complementariamente, hai que apuntar que dispomos doutros servizos externos que son os equipos de orientación específicos de ámbito provincial..

¿Traballades cos alumnos de tódolos cursos ou só cos de cursos superiores?

Como norma xeral, o traballo do orientador/a está dirixido ao conxunto da comunidade educativa (familias, alumnado e profesorado) e a totalidade do alumnado. Por isto, unha das liñas de actuación orientadora ten que ver coa atención temperá e a prevención de problemas de desenvolvemento ou aprendizaxe

En función das características do noso entorno e do centro, o que facer do orientador/a pode ser máis específico ou afectar a determinadas situacións (o alumno/a cambia de ciclo ou etapa, elección de optativas ou itinerarios formativos, transición á vida profesional, etc)

En todo caso, cabería sinalar que o noso traballo é sempre unha tarefa colaborativa –co profesorado, co profesorado de apoio (Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe), coas familias e con outros profesionais-.

¿Que importancia ten o orientador á hora de combater o fracaso escolar?

O orientador/a xoga un papel clave na atención psicopedagóxica ao conxunto do alumnado.

A figura do orientador/a estivo asociada de maneira preferente coas tarefas de diagnóstico, avaliación e posterior informe psicopedagóxico do alumnado que presentaba algún tipo de problema ou dificultade de aprendizaxe. Polo tanto, unha das liñas de traballo incide de maneira individualizada sobre aqueles alumnos/as que poderían fracasar escolarmente.

Paralelamente, o orientador/a ten que poñer en marcha accións encamiñadas á atención temperá e a prevención de dificultades de desenvolvemento ou aprendizaxe. Non cabe dúbida que a prevención xoga un papel esencial á hora de loitar contra o fracaso escolar, polo que o traballo orientador actúa de maneira eficaz e posibilita que o alumno/a acade o seu pleno rendemento escolar.

¿Cales son as principais liñas de traballo de APOEGAL?

A Asociación Profesional de Orientación Educativa de Galicia (APOEGAL) ten como liñas básicas de traballo as que se anotan:

REPORTAXE SOBRE ORIENTACIÓN ESCOLAR

Polo que fai aos obxectivos xerais, destacamos, en primeiro lugar, o de traballar na defensa dos intereses comúns da orientación educativa en Galicia e, en segundo lugar, o de afianzar a presenza e a relevancia da orientación na comunidade educativa e no conxunto da sociedade.

No que se refire á información e formación dos asociados/as, queremos, por un lado, servir de plataforma para o intercambio de experiencias e, por outro lado, potenciar a formación permanente -entre outras áreas, en novas tecnoloxías- mediante convenios cos centros de formación.

Para rematar, destacar que servimos de interlocutor ante as distintas Administracións e pretendemos manter e afianzar os vínculos con outras asociacións estatais e internacionais.

CONTACTA CON NÓS

Se aínda non es soci@, podes solicitarnos información e a folla de inscrición á dirección electrónica que aparece máis abaixo ou directamente na páxina web.

Se polo contrario xa es soci@, entónces xa saberás que podes poñerte en contacto con nós para o que necesites:

Asociación Profesional de Orientación Educativa de Galicia

Páxina web: www.apoegal.com

Correo electrónico da asociación: apoegal@yahoo.es

Todas as túas propostas, artigos, experiencias ou colaboracións serán benvidas.

Recorda que todos e todas formamos parte de APOEGAL.

Contamos coas túas opinións, artigos, experiencias, propostas...

apoegal@yahoo.es

Edita: APOEGAL

Libros de actas do Congreso de Mérida

Para concretar a recepción destas actas, poñerse en contacto con Juan Luis, vocal de formación da asociación, a través do correo juanluisrr@uvigo.es

Libros de actas do I Encontro de Orientadores (Ourense)

En fase de publicación (Deputación Provincial de Ourense). En canto estén listas avisaremos a través do correo electrónico.

